

“A UNIÓN DO COCHE ELÉCTRICO COAS ENERXÍAS RENOVABLES PODERÍA SER A SOLUCIÓN PARA REDUCIR AS EMISIÓN CONTAMINANTES”

- Así o manifestou o Delegado de Iberdrola en Galicia, Francisco Silva Castaño, con motivo da súa intervención no Simposio Internacional sobre Medio Ambiente e Saúde celebrado en Santiago de Compostela o pasado 28 de outubro.
- A participación de Silva tivo lugar nunha mesa redonda moderada polo presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, na que se abordou as estratexias a seguir para a consecución de cidades máis limpas, saudables e sostibles.
- Abundou en que o transporte por estrada, nutrido maioritariamente por combustibles fósiles, continúa a ser a gran asignatura pendente no ámbito da contaminación, toda vez que o uso das enerxías renovables no mesmo é aínda moi baixo en España (0,2 por cento), sendo a media europea do 5 por cento e, o 10 por cento, o recomendable.
- Referiuse ao sólido consenso científico en torno á necesidade de actuar, con carácter inmediato, sobre as emisións de CO₂, posicionándose o desenvolvemento sostible, integrado polo desenvolvemento económico, o social e a protección ambiental, como a solución ao cambio climático.

Cerceda, a 5 de novembro de 2015.- O delegado de Iberdrola en Galicia, Francisco Silva Castaño, participou o pasado 28 de outubro no Simposio Internacional que, baixo o lema “Medio Ambiente e Saúde: novos retos de futuro”, celebrouse en Santiago de Compostela baixo a coordinación de Federico Mayor Zaragoza, Exdirector Xeral da Unesco, Presidente do Consello Científico da Fundación Ramón Areces e Presidente da Fundación Cultura Paz; e Francisco Peña Castiñeira, Fundador do Programa Galego de Municipios Saudables e Sostibles 2000-2016 e Director dos Cursos de Saúde Ambiental.

No transcurso da súa intervención, que tivo lugar no marco dunha mesa redonda moderada por Javier Domínguez Lino, Presidente de Sogama, Silva enzalzou as vantaxes do vehículo eléctrico e as enerxías renovables para a consecución de cidades máis limpas e como elementos de peso na loita contra o cambio climático.

Sostivo que, tal e como se pronunciou a comunidade científica, o planeta estase quentando e a suba do nivel do mar é xa unha realidade, do mesmo xeito que a concentración de gases contaminantes na atmosfera. Referiuse

así ao sólido consenso científico en torno á necesidade de actuar sobre as emisións de CO2 con carácter inmediato, sendo o desenvolvemento sostible, integrado á súa vez polo desenvolvemento económico, o desenvolvemento social e a protección medioambiental, a solución ao cambio climático.

Así mesmo, aludiu á necesaria implantación e desenvolvemento das enerxías renovables baixas en carbono (hidráulica, biomasa moderna, xeotérmina, eólica, solar e a procedente da valorización enerxética dos residuos), explicando igualmente que, no cumio celebrado en Nova York en setembro deste ano, definiuse a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible do planeta, que ten como principais obxectivos acabar coa pobreza extrema, loitar contra a desigualdade e a inxustiza, e corrixir o cambio climático. Referiuse igualmente aos retos da Organización das Nacións Unidas (ONU), que en todo caso deben ir encamiñados cara a obtención de enerxía barata e limpa para todos, a consecución de cidades sostibles e a acción do clima.

No caso de España, destacou a alta implantación das enerxías renovables para a produción de enerxía eléctrica, situándose por riba da media europea. Con todo, advertiu de que o uso destas fontes alternativas no transporte aínda é moi baixo, posicionándose só no 0,2 por cento, cando Europa conta cunha media do 5 por cento e o recomendable sería chegar ao 10 por cento.

Neste sentido, destacou que Iberdrola é a primeira empresa en enerxía eólica a nivel mundial, poñendo de relevo que o 91 por cento da súa xeración no ano 2014 estivo libre de contaminación.

Respecto ao transporte, trasladou que este representa un terzo do consumo total de enerxía e nítrese maioritariamente con combustibles fósiles. Abundou en que o transporte por estrada continúa a ser a gran asignatura pendente no ámbito da contaminación, precisándose do uso de coches eléctricos con enerxías renovables para reducir os gases de efecto invernadoiro, unha das principais recomendacións da ONU.

“A unión do coche eléctrico coas enerxías renovables podería ser a solución para reducir as emisións contaminantes”, sentenciou.

Saúdos, Departamento de Comunicación